



Xurelo

XUNTA DE GALICIA



Colección: **A Vida no mar salgado**

Idea e texto: **Fina Mosquera Roel**

Ilustracións: **Ana Sánchez Moreno**

Fotografía: **Miguel Sánchez Ortiz**

Edita:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

D. X. de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

ISBN: 84-453-3358-5

Depósito legal: C-1715-2002

Imprime: Gráficas Sementeira



Xurelo

Nome científico: *Trachurus trachurus*

Castelán: Jurel

Éuscaro: Txitxarro Arrunta

Catalán: Sorell

Inglés: Horse Mackerel

Francés: Jaurel-Chinchard

Eu son un xurelo e vivo nun acuario.
O meu corpo é alongado e cuberto de
escamas.
A miña cor é grisácea, verdosa ou
azulada no lombo e branca no ventre.
Na cabeza teño dous ollos con pálpe-
bras e unha boca con pequenos den-
tes e lingua.
A maioría dos peixes carecen de pál-
pebras para protexe-los ollos, por iso
nos acuarios prohíben facer fotos
con flash. Nós somos dos poucos que
as temos.



É fácil recoñecerme entre outros peixes porque teño unha liña lateral en forma de S recuberta de escudetes.

Vivo no mar con outros xurelos formando bancos.

No verán achegámonos á costa e pódense ver na superficie.

No inverno trasladámonos a augas máis profundas.

Somos carnívoros. A nosa dieta está formada por plancto (pequenos crustáceos e larvas) e peixes pequenos.

Xuntámonos en bancos para protexernos e tamén para reproducirnos.



Banco de xurelos.

Ó iren moitos xuntos movéndose á vez, semellan unha criatura grande.

Nado realizando curvas co meu corpo. As aletas permítenme manobrar e a cola rema impulsándome cara a adiante.

Para non perderme dos compañeiros, utilizo a vista, pero tamén a liña lateral.


A liña lateral axúdame a senti-las vibracións da auga. Infórmame do perigo cando se achega un inimigo e dos movementos dos compañeiros para non perderme.



Xurelos nadando nun acuario.

Reproducímonos na primavera e no verán. A femia pon os óvulos preto da costa e logo son fecundados polo esperma do macho.

Ós poucos días sae unha pequena larva. No verán, os pescadores que van ó bonito capturan grandes cantidades de xuvenís de xurelo para utilizalo como cebo, pois está comprobado que ós bonitos lles encantan os xurelos novos.



Bonito perseguindo xurelos.

Para pescarnos utilizan artes de cerco, arrastre, trasmallos e, en menor medida, palangre.

Somos un prato nutritivo e barato para os humanos simplemente fritos ou ó forno, pero hai que deixarnos medrar ata que cheguemos ós quince centímetros, que é o tamaño mínimo legal.



Prato de xurelos listos para fritir.

Algún animal semellante:



A sardiña.



Glosario

Esperma: Substancia que contén os espermatozoides ou células sexuais masculinas.

Óvulos: Células sexuais femininas.

Trasmallo: Rede de tres panos en posición vertical. Os exemplares quedan embolsados na rede interior.

Outros títulos da colección

Polbo
Rodaballo
Ourizo
Xurelo
Mexillón
Peixe Sapo
Centola
Camarón
Percebe

Brais
Carme
Antón
Ana



Rodaballo



Percebe

Na rede estamos en: pescagalicia.com



CONSELLERÍA DE PESCA E
ASUNTOS MARÍTIMOS